

Álvarez Blanco, Rosario (1997): “O complemento de solidariedade: a complicidade entre os interlocutores”, en Benigno Fernández Salgado (ed.): *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos, Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*. Oxford: Centre for Galician Studies, 37-53.

---



You are free to to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

# O COMPLEMENTO DE SOLIDARIEDADE: A COMPLICIDADE ENTRE OS INTERLOCUTORES

ROSARIO ÁLVAREZ

(Universidade de Santiago de Compostela)

## 1. INTRODUCCIÓN

Non é doado escoller un tema de gramática que poida servir como conferencia para un público que se supón *a priori* tan heteroxéneo. Que estudiosos de procedencias diversas e de ámbitos científicos relativamente distantes entre si se apaixonen pola descrición e análise gramatical constituiría unha rareza á que renunciámos de antemán.

A consciencia da aridez de moitos dos temas que nos entusiasman ós gramáticos, mesmo para un público relativamente próximo, e a suposta heteroxeneidade deste xogaron un papel importante na selección do *Complemento de Solidariedade* como tema desta intervención. Dunha banda, trátase dun problema que pode interesar a un abano amplo de lingüistas dedicados ó galego, e que, situado no campo da pragmática, tamén debería chama-la atención dos estudiosos do texto literario, polo xeral pouco entusiastas dos estudos gramaticais en sentido estricto. Doutra, cremos que o fenómeno é o suficientemente especial, curioso poderíamos dicir, como para interesar a lingüistas ocupados do estudio doutras linguas ou á lingüística xeral. Doutra, aspiramos a que entre un grupo tan nutrido de xoves lingüistas haxa alguén que se sinta chamado a mellorar esta descrición, achegando estudos complementarios e novidosos que están por facer e que procuraremos ir suxerindo. Ademais, trátase dun risco que tódolos galegos sentimos como moi de noso, moi vencellado á expresión da nosa afectividade, polo que a súa descrición e a información que poidamos proporcionar sobre el pode espertar-la curiosidade dos participantes usuarios do galego que non se adican nin ó estudio da lingua nin ó dos seus produtos.

Agardo, por tanto, que tódolos presentes se sintan acollidos dun ou doutro xeito a través destas múltiples razóns de escolla do tema, así como lograr que o

ton da miña exposición non defraude puntos de partida e expectativas tan diferentes.

O obxecto desta comunicación é o Complemento de Solidariedade, tamén chamado Dativo de Solidariedade. Procuraremos definilo, dar noticia da súa extensión e vitalidade na lingua espontánea actual, das súas pautas de comportamento no enunciado e das particularidades da súa posición na cadea.

## 2. FUNCIÓN

En todo acto de comunicación hai un emisor *A*, un receptor *B* e unha *mensaxe*, que o primeiro lle transmite ó segundo. A lingua permítenos cambiar de persoa gramatical na construción da mensaxe, de xeito que nos poidamos referir de distinta maneira ós participantes nos feitos que se relatan.

Na descrición destas persoas gramaticais afirmamos adoito que EU representa ó emisor, TI ó receptor e EL-ELA ás entidades que non son nin o receptor nin o emisor, mais tales afirmacións non son exactas e poden por iso levar a confusión. Falando con maior propiedade deberíamos dicir que EU se refire a un dos participantes nos feitos relatados que na vida real coincide coa persoa que nese momento emite o enunciado; e que TI se refire a outro participante nos feitos relatados coincidente co individuo que nese acto de comunicación asume o rol de receptor; e que EL-ELA, en cambio, se refiren a participantes nos feitos relatados que nese acto de comunicación non actúan nin como emisor nin como receptor<sup>1</sup>. Polo tanto, a presenza de EU e TI na mensaxe, en calquera das manifestacións da primeira e segunda persoas, non se produce en canto que emisor e receptor, respectivamente, senón en canto que participantes nos feitos obxecto da mensaxe transmitida.

Tódalas utilizacións dos nosos pronomes persoais, tónicos e átonos, que teñen que ver coas funcións sintácticas na cláusula, están rexidas por este sistema de referencias. Se digo *Eu deiche unha lección (a ti)*, estou narrando un feito no que *A dá algo a B*: a coincidencia entre *A = emisor* e *B = receptor* provoca a escolla, respectivamente, de formas de I e II persoas; a función sintáctica que cumpren en cada un deses lugares regula a escolla entre as distintas formas pronominais de cada unha delas: nun caso *eu* (e non *me*, nin *min*, nin *comigo*) porque se trata do suxeito; noutro *che... a ti* (e non *ti*, *te*, *contigo*) porque se trata do complemento indirecto. E o mesmo ocorre se digo *Ti agardáchesme toda a tarde (B agarda a A* un

<sup>1</sup> Naturalmente, sempre que non haxa dislocacións de uso por mor das formas de cortesía, pois en tales casos estas formas (e *vostede*) refírense tamén a persoas que coinciden co interlocutor.

tempo), *Eu non deixei de pensar en ti (A non deixou de pensar en B)*, *Ti non falas comigo (B non fala con A)*, *Eu corrixinte (A corrixiu a B)*, etc.

Para algunhas desas funcións usamos exclusivamente pronomes tónicos, con ou sen preposición dependendo da función que deban cumprir: *Eu non vou*, *Estaba contigo*, *Mercouno para ti*, *Confío neles*, etc. En cambio, para o CD e o CI, o galego ofrece basicamente dúas posibilidades:

a) Preposición + pronome tónico, presente aínda na lingua oral pero cada vez máis en desuso:

e deron a eles canto tiñan;

¡Ay, comadre, fame o favor de atar a mín tamén (Lubián, Cortés 1976: 86).

No caso do complemento indirecto, esta opción escasea mesmo con /preposición + FN/:

E tú ¿a qué veis? —dixeron os carneiros ao lobo (Lubián, Cortés 1976: 83).

b) Pronome átono, reforzando a vontade do falante coa copresencia de /preposición + pronome tónico/:

E déronlles (a eles) canto tiñan;

Ai, comadre, fágame o favor de me atar (a min) tamén.

Non é este o lugar de expoñermos qué regras regulan a copresencia do segmento /preposición + pronome tónico/ nestas circunstancias; abonde dicirmos que para o emisor a escolla entre /pronome átono/ e /pronome átono... preposición + pronome tónico/ sempre é posible e obedece a razóns pragmáticas.

Nada do dito ata agora sobre o comportamento dos pronomes galegos difire substancialmente do que poderíamos describir para as linguas do seu entorno. Mais cómpre advertir de que ata agora nos estivemos referindo sempre a pronomes relacionados coas funcións sintácticas na cláusula, e non propiamente ó Complemento de Solidariedade. A particularidade deste reside precisamente en que se afasta de xeito radical do comportamento descrito.

En efecto, se digo *Non che me dá pena ningunha*, estou narrando uns feitos nos que un participante (*C*, nin emisor nin receptor) esperta ou non determinados sentimentos en *A = emisor*, mais nos que *B = receptor* non participa, nin activa nin pasivamente; e así a todo, no enunciado construído está presente *che*, que é un pronome de segunda persoa, coma se fose —mais non sendo— un participante que recibe algún beneficio ou prexuízo.

Advirtase tamén que o participante *A = emisor* está presente en forma de pronome átono, que ocupa o lugar do CI; por iso podo dicir tamén *A min non che me dá pena ningunha*. Pola contra, *che*, que nin se refire a un dos participantes nin ten un lugar na construción sintáctica dese predicado, non admite ó seu carón a frase preposicional *a ti*, por iso non podo dicir *\*A ti non che me dá pena ningunha*.

Polo tanto, ese *che* contradí por dúas razóns distintas o comportamento descrito anteriormente para as formas pronominais con función sintáctica: non se refire a ningún dos participantes dos feitos relatados e non admite o esquema *che... a ti*.

Dito isto, cómpre concluírmos esta primeira parte da exposición definindo en positivo o noso Complemento de Solidariedade:

Primeiro: non se refire a */Participante B = receptor/*, senón ó */Receptor/* en canto que tal.

Segundo: a súa función é fática. Coa apelación ó receptor, incluído no enunciado coma se fose un dos participantes, o emisor pretende non só confirmar que a canle de comunicación segue aberta, senón sobre todo asegurar que o sentimento do seu interlocutor a propósito dos feitos narrados concorda co seu. Á súa vez, o interpelado ten noticia da posición do emisor ante os feitos e séntese en certo modo coaccionado por ela.

Terceiro: Non é preciso que o enunciado sexa fático. A función fática do DS pode darse dentro dun enunciado verificativo, coma *Hoxe tivenche pouco traballo*. É importante salientar que o uso esixe certo grao de familiaridade co interlocutor ou interlocutores e un contexto coloquial. Por iso hai situacións moi propicias ó DS e outras que non o permiten en absoluto: a solemnidade, por exemplo, é incompatible co DS, polo que este é imposible en enunciados coma *Queda inaugurado este encoro* ou *Ábrese a sesión*; e un enunciado sentencioso coma *Mal ladra o can, cando ladra de medo* convértese practicamente nunha confianza ou nunha reflexión en voz alta se lle introducimos un DS: *Mal che ladra o can, cando ladra de medo*. O uso do DS, se non se dan as condicións indicadas, pode entenderse como un exceso de confianza e por tanto converterse nunha descortesía. Mais isto non significa que non poida usarse ó mesmo tempo có tratamento de cortesía, fortemente determinado entre nós máis pola idade e pola diferenza de estatus (mesmo dentro da familia), ca pola falta de trato fluído e confianza mutua.

Cuarto: As formas escollidas, e non por casualidade, son as de dativo, as usadas para o CI, tan vencellado en galego á función semántica de beneficiario / prexudicado pola acción verbal. Dado que o interlocutor pode ser singular e plural, e que pode recibir calquera dos dous tratamentos posibles, as formas de DS son *che, vos, lle e lles*.

### 3. MANIFESTACIÓNS EN GALEGO MODERNO

Non é doado pronunciarse sobre a orixe do complemento de solidariedade. Pode pensarse nunha derivación particular do dativo ético ou de sentimento latino, que deixou outros herdeiros no propio galego e noutras linguas romances. Hoxe non sabemos da súa existencia fóra das nosas fronteiras lingüísticas, e nin os gramáticos nin os dialectólogos portugueses o mencionan; mais cómpre engadir que ata o presente non rexistramos tampouco nos textos galegos medievais ningún exemplo de tal uso; as primeiras mostras son dos séculos escuros:

que foi quinta feira se ben *che* me lembro (Sarmiento 1970: 100).  
Jesus, non *che* quero e mais non *che* podo (Sarmiento 1970: 111).  
eu non *che* me lembro (Sarmiento 1970: 155).

Tal ausencia pode deberse a que xurdiu posteriormente ou a que, ó se teren que dar unhas condicións de comunicación moi concretas, non achou o modo de incorporarse á lingua escrita do momento, pouco receptiva á espontaneidade dos diálogos.

Renuncio provisoriamente, e non só polo anteriormente dito, a calquera tentación de especular remontándonos ás orixes, para pasar a describir como se manifesta en galego moderno, onde aparece con grande profusión desde os primeiros textos do século XIX, probablemente como un recurso máis dos autores para lles dar ás súas creacións un marcado carácter de textos nados do pobo.

#### 3.1. XEOGRAFÍA

A través dos datos tirados de textos orais, nunha fita rede que cobre toda a nosa xeografía, estamos en condicións de afirmar que o DS se usa en todo o territorio que delimitamos lingüisticamente como galego. A heteroxeneidade de situacións en que foron recollidos eses textos non nos permite utilizalos para tirar conclusións sobre a relativa maior frecuencia nunhas zonas ca noutras, pois a que se advirte claramente na lectura destes textos pode vir determinada por condicións de maior familiaridade que rodeasen a súa recolleita e non por un uso máis intenso por razón da procedencia do falante.

A delimitación precisa dos contextos en que se usa e a frecuencia con que distintos emisores (de distintas características sociais, culturais ou locais) botan man deste recurso requiren un estudio particular, que aínda non sabemos iniciado por ninguén, cun método e uns instrumentos distintos dos que nós posuímos e utilizamos. Aproveito a ocasión, porque creo estar na tribuna adecuada e ante

un público entusiasta da investigación lingüística, para animar a traballar neste sentido. Mais, volvendo ó noso rego, interésame salientar que o fenómeno se dá en todo o territorio e que tódolos datos da lingua oral apuntan a unha grande vitalidade en falantes de tódalas idades e estatus socioculturais.

O nivel de uso na lingua escrita actual, máis concretamente na lingua literaria, non reflicte a vitalidade que ten de xeito espontáneo na lingua oral; agardamos contar, nun prazo breve de tempo, cos resultados do proxecto *Historia da Norma*, onde daremos información sobre as vicisitudes do seu asentamento na lingua escrita dos últimos séculos.

Debemos advertir, así a todo, que nos chamou poderosamente a atención a grande infrecuencia de DS nas zonas teístas, mesmo en gravacións nas que hai indicadores de que se daban as condicións idóneas<sup>2</sup>. Ante a pregunta directa a falantes teístas conscientes da lingua que empregan, recoñecen que lles ten chamado a atención o alto uso que fan os galegos doutros lugares, ou persoas illadas dentro da súa comunidade, fronte á práctica xeral entre eles, máis ben escasa. Polo tanto, confirman a impresión inicial de que pode ser de interese un estudio que teña en conta, entre outros datos caracterizadores dos distintos tipos de falante, a súa procedencia xeográfica.

Pero o galego destas zonas presenta outro trazo máis interesante, na miña opinión. Ó non teren forma específica para o dativo da II persoa singular, parece lóxico supoñer que nestas zonas usen para o complemento de solidariedade a forma *te*. E en efecto rexistramos *te*, mais moi escasamente:

Entonces *te* iban á iglesia a Salcido (Camposancos-A Guarda-PO).

Había aquí unha que era da herencia do difunto de mi padre, dun pueblo que *te* dicen aí Pesegueiro. (Fornelos-O Rosal-PO).

Dios *te* me libre de fouce e machado (Gudiña, Vázquez 1971: 141)<sup>3</sup>.

Helena Pousa asegúranos que, aínda que non se recolle nos abundantes textos que presenta na súa monografía sobre Goián (Pousa 1987), alí existe *te* para esta función. Dentrō da relativa escasez de ocorrencias a que nos estamos referindo, nos seus textos, coma noutros da zona, rexístrase *che* como DS:

<sup>2</sup> Cómpre aclararmos, para os que non estean familiarizados coa gramática e a dialectoloxía galegas, a que nos referimos ó falar de *teísmo* e *zonas teístas*. Na segunda persoa de singular, o galego presenta dous pronomes *te* / *che*, o primeiro forma de ACU e REF e o segundo de DAT: *saudeite*, *móllaste* / *ofrézoche unha copa*. Mais en dúas pequenas áreas dialectais, nos extremos sudoeste e sueste, tal oposición non existe porque sempre se emprega *te*, coma en portugués: *saudeite*, *móllaste*, *ofrézote unha copa*. O fenómeno coñécese entre nós como *teísmo*.

<sup>3</sup> No contexto resulta patente que o sentido é «Deus me libre a min», e que *te* non é máis có interlocutor.

porque unha bes a Isabel en San Juan dioulle cabaza, ie dióuchelle unha bofetada no medio da fiasta qu'a deixou tesa (Goián, Pousa 1987: 218). agora as mozas estanche mui espabiladas (Goián, Pousa 1987: 204).

«Teodoro, vai mirar á porta se Manolo deixou a porta aberta [...]». E levantouse el: «A porta *estache* serrada e todo está serrado, aquí non *che* hai nada» (Camposancos-A Guarda-PO)<sup>4</sup>.

Calquer cousa... tamén *che* chamábase o arguina ó amo (Salcidos-A Guarda-PO).

### 3.2. PREDOMINIO DE CHE

A pesar de que o interlocutor pode ser singular ou plural, e de que pode recibilos dous tipos de tratamento con formas diferenciadas, cómpre dicir que, das catro variantes posibles (*che/vos, lle/lles*), o pronome de solidariedade por excelencia é *che*. A frecuencia de *che* fronte ós outros pronomes é abrumadora, e explicable se temos en conta:

Primeiro: *Che* é a forma usada cando a relación co interlocutor non está pexada nin pola falta de confianza nin polo superior estatus deste. Polo tanto, *che* é a forma usada cando na relación *emisor-receptor* non hai ningún impedimento á familiaridade, xa que esta ou existe ou se dá por suposta.

Segundo: O interlocutor singular é sempre máis frecuente có interlocutor plural, polo tanto abunda moito máis *che* ca *vos* e *lle* ca *lles*. Pero, ademais, non é infrecuente que, habendo varios posibles interlocutores, o emisor dirixa as súas apelacións a garanti-la atención e a conformidade —tamén a solidariedade, a complicidade— do individuo que considera representativo do grupo, ou do que advirte máis interesado na mensaxe.

Estas dúas razóns abundan, cremos, para explicar que *che* sexa moito máis frecuente ca *lle*, e ambos ca, respectivamente, *vos* e *lles*. Se ordenámo-los catro, vemos que *che* é o máis usado, seguido a moita distancia por *lle*; tamén a moita distancia *vos*, e finalmente o moi escaso *lles*. Cómpre lembrar, como explicación para a relativa escasez de *lles*, que en grande parte do territorio se prescinde adoitado da oposición *lle/lles* e se usa a forma *lle* para os dous números, con calquera das súas funcións.

<sup>4</sup> A gravación foi rexistrada en Oliveira de Arriba-Vigo, onde a informante de 81 anos leva moito tempo residindo; é posible que este trazo estea influído pola falta destouta localidade.

Esta forte vinculación DS = *che*, axudada pola escasa implantación de *te* = DS, cremos que explica a expansión de *che* como DS en zonas teístas, ó que xa nos referimos.

### 3.3. CASOS ESPECIAIS EN RELACIÓN COA PERSOA DO RECEPTOR

Hai unha serie de comportamentos menos frecuentes, máis interesantes para coñecer e comprender na súa totalidade o fenómeno:

a) O pronome *che* pode referirse a un interlocutor ficticio, en realidade coincidente co propio emisor, cando este fala para si: «¡Para eso *che* fun á Vilar! —dicía él na súa lingua pequena—, ¡pra esto *che* me desvelei e corrín e me fatiguei...!» (López 1953: 142).

b) Ou cando non hai un oínte concreto: «Para deprender á xastre / moito *che* me hei de apricar: / e ó toma-las medidas / ¡canto abraciño hei de dar!» (Pérez 1979: II, 233); «As gatas en xaneiro, chiribiribí / ten unha saia iastá / que *che* lla fan os gatos, chiribiribí / cunha machada, iastá» (Rodís-Cerceda-CO); «¡Quen *che* me dera!»; «¡Vaiche boa!».

c) O DS pode tamén referirse a un receptor que, incluído nun grupo máis amplo, participa nos feitos relatados. Prodúcese así unha especie de desdobra-mento, pois concorren un pronome plural para as funcións sintácticas e outro de referencia máis restrinxida, e parcialmente coincidente, para o DS: «Será mellor que *che nos* vaíamos, nena» (A Reixa-O Buriz-Guitiriz-LU); «Non *che vos* viu, se non saudábavos».

d) Por veces *che* DS concorre con outro pronome de II singular con función sintáctica (DCI). O encontro de /*che*DS-*che*DCI/ daría lugar a unha secuencia *che che* absolutamente inaceptable, pois o galego non tolera nunca dúas formas pronominais idénticas co mesmo verbo, aínda que puidesen ter funcións distintas. O conflito pode resolverse eliminando un deles ou por medio dunha secuencia *che te*, sen renunciar, coa expresión dun único *che*, ó exercicio da función fática; o contexto aclara de abondo que *te* non é nesa secuencia nin reflexivo nin CD ou ATR: «*birlóuchete*», «*birlóusechete*»; «*caéusechete*»; «*figuróusechete* (a ti)».

### 3.4. CHE EXPLETIVO

A frecuencia de *che* con este valor fixo que se convertese nunha marca de solidariedade que pode acompañar, de maneira expletiva, a *vos* e ós DS *lle* e *lles*: «—Mandoume o Rey de palacio / que *che vos* quitara a vida» (Pérez 1979: III,

261); «Lugo *échevos* a Pamplona de Galicia» (Otero 1927: 7); «*Fóichelle* da orina, nai» (Sobrado dos Monxes-CO).

No primeiro exemplo, que *che vos quitara a vida*, *vos* é o CI e refírese a un participante *B = receptor* singular co antigo tratamento de cortesía; polo tanto hai nel dúas referencias distintas a un mesmo personaxe. En *Échevos*, *vos* é DS e refírese a un Receptor indiscutiblemente plural, no que non cabe pensar en que o frade mitineiro seleccione entre o auditorio de cregos carlistas un TI singular para establece-la solidariedade só con el. En *Fóichelle*, *lle* é DS; refírese a un Receptor singular (a nai) ó que se trata de *Vostede* e polo tanto non hai ningún participante TI, nin nos feitos nin no acto de comunicación.

### 3.5. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS FUNCIÓNS

De todo o que levamos dito infírese que o Complemento de Solidariedade é compatible con tódalas outras persoas gramaticais. Dado que a persoa a que se refire está introducida na mensaxe como /receptor/ e non é un dos participantes dos feitos relatados, hai concorrencias que a priori semellan imposibles: o pronome de solidariedade debería ser incompatible coa mención dun participante en segunda persoa, ou en terceira usado como segunda de cortesía.

E, en efecto, hai restriccións neste sentido (por ex., non cabe o DS na cláusula dun verbo en II persoa). Pero xa vimos como o vigor do recurso ó complemento de solidariedade, a súa extensión a situacións lingüísticas nas que *che* non se refire en puridade a un receptor interpelado, o uso de *che* como marca de solidariedade expletiva e a posibilidade xa aludida de desdobra-lo receptor, fan que en determinadas condicións tales incompatibilidades non existan, e que sexan posibles as secuencias *che*DS-*te*, *che*DS-*vos*, *che*DS-*lle*DS e *che*DS-*lles*DS.

Ademais, a función DS é compatible con calquera das funcións sintácticas que poden desempeña-los pronomes átonos na cláusula, e tamén co complemento de interese:

DS-ACD: A min gracias que non *che me* mataron (Santalla-Begonte, Graña 1983: 146);  
e *fxochenos* ir ós dous (Ares-CO);  
¡Deus *lle me* libre! (Blanco 1975: 33).

DS-REF1: Caséichem' eu —por andar regalada (Pérez 1979: II 202);  
non *che nos* xuntamos (Lebesende-Queixeiro-Antas de Ulla-LU);  
o que cómpre *éche querérchese* ben todo o tempo (Matosiños-A Merca-OU);

pró caso crióuseche alí (Arribada-San Pedro Fiz de Cangas-Pantón-LU); é po-lo que oín de serto *presentousevos* ó Xêneral Gomez (Anónimo 1836a: 6).

DS-REF2: Eu *vóucheme* retirando, que teño que traballar (Pérez 1979: II, 28); Mir' o que fás, Martiño / Que *che se* rín de tí por tod' a aldea... (Curros 1880: 26);

Será mellor que *che nos vaiamos* (As Reixas-Os Vilares-Guitiriz); i eu quedéilleme com'unha vaca (Castro de Rei-LU); esdentonces escaparonseche todos (Fernández 1810: 28).

DS-REF3: esbarei na escada e *díncheme* un golpe (Cruzul-Becerreá-LU).

DS-IND: —¿E que tal se dormía?/ —*Dormíachese* malamente (Ferreiros de Balboa-Becerreá-LU);

son obras municipais, non se *che fan* moi despacio (San Xulián de Cabarcos-Barreiros-LU); o que pasa no tal Noya non *se-vos vé* en moitas leguas da redor (Anónimo 1837: 7).

DS-DCI: non *che me* fai gracia ningunha;

Míre, a min pasóulleme un caso tamén, inda na miña vida crin neso, na miña... (Corbillón-Cambados-PO).

e víñanche cantando e aturulando e botándochenos cancións (Lebesende-Queixeiro-Antas de Ulla-LU);

este que *che lle* chaman Minifalda (Begonte, Graña 1983: 111);

entrámoschelles na casa;

e maldícaro se non *lle nos* veu ós dous a un tempo (Viladonga-Castro de Rei-LU);

Dóellevos moito a cabeza.

DS-DI: non *che me* anda nada;

non *lle me* anda nada;

i íbamoscho dicindo de mintiras e párachenos o coche e preguntáchenos «¿e quereis que vos leve?» (Ferreiravella-Riotorto-LU).

#### 4. POSICIÓN


Cando o complemento de solidariedade é o único pronome átono ocupa a posición relativa que *lle* corresponde entre os outros integrantes da cláusula, de acordo coas regras xerais que regulan a posición dos pronomes átonos en galego.

#### 4.1. POSICIÓN NA SECUENCIA DE CLÍTICOS

Mais con frecuencia entra en contacto con outros clíticos, provocando non poucos problemas de ordenación interna da secuencia, de natureza e repercusión distintas dependendo de qué forma funciona como DS.

Para que se comprenda o alcance da distorsión provocada por estes pronomes expoñeremos, moi sucintamente, como serían as regras básicas de ordenación das secuencias de clíticos en galego de non precisarmos ter en conta as particularidades posicionais do complemento de solidariedade<sup>5</sup>.


Primeira. *Se*, con calquera das súas funcións, ocupa o primeiro lugar da secuencia: *Agora non se che me ocorre*. Dialectalmente, rexístrase tamén *che se*, con *se* desprazado do seu lugar en concorrencia unicamente con *che*, calquera que sexa a función desta forma: *Moito che se me acorda*.



Segunda. Os pronomes de segunda persoa (II) anteceden, na maior parte dos casos, ós de primeira persoa (I):

a) II singular antecede sempre a I singular e I plural: *Déroncheme en casamento, Non te me vas sen elas, Non te nos fága-la tola*.


b) II plural posponse a I singular e combínase libremente con I plural (vid. regra 4.<sup>a</sup>): *para me vos arrebatat, ofrecémosnosvos de corazón = ofrecémosvosnos de corazón*.




Terceira. As formas non reflexivas de terceira persoa (III) ocupan a derradeira posición: *os ollos íansemelle para as mans*. Entre elas, as de DAT anteceden ás de ACU: *Non me llo leves*.

A única excepción a esta regra constituiríaa a secuencia /*me* DI - *lle* DCI/, que admite as dúas ordes, e na que non é o momento de detérmonos.

<sup>5</sup> Para unha exposición máis demorada, tamén máis complexa, véxase Álvarez 1994: 247-265.



Cuarta. As formas de plural tenden a retrasa-la súa posición.



A realidade é moito máis complexa, por obra do complemento de solidariedade e o seu comportamento en secuencia, que altera a relativa simpleza do modelo descrito ó obrigar a introduci-las regras que dean conta dos seguintes comportamentos particulares:

Primeira. Son posibles dúas formas de II na mesma secuencia, o que non se dá coa primeira persoa e constitúe unha rareza nas secuencias de clíticos románicas:

a) Dunha banda, *che* DS é compatible con *vos*, teña este función sintáctica (CD ou CI) ou pragmática (DS):

*/che DS - vos ACD/*: *Non che vos viu.*


*/che DS - vos DCI/*: *Mandoume o Rei de palacio | que che vos quitara a vida* (Pérez 1979: III, 261).

*/che DS - vos DS/*: *Háichevos moito que ver.*

Este feito afecta ás posibilidades de copresencia na cadea, e non á orde en si que xa contemplaba lugares diferentes para as formas de singular e plural da II persoa.

b) Doutra, *che* DS é tamén compatible con *te*, como procedemento para resolve-la secuencia */che DS - che DCI/*: *birlóuchete, caéusechete, figuróusechete*. En tales casos *che* antecede sempre a *te*.

Por tanto, a secuencia prevista trala Segunda Regra debe ser modificada en:



Segunda. A regra segundo a cal a terceira persoa non reflexiva ocupa a derradeira posición perde validez universal coa secuencia *me lle*, que se converte adoito en *lle me* cando *lle* é DS, de acordo coas seguintes pautas de comportamento:

a) O pronome *lle* DS antecede sempre a *me* ACD, REF e DI:

*/lle DS - me ACD/*: *¡Deus lle me libre!* (Blanco 1975: 33).

*/lle DS - me REF/*: *Non lle me fixei ben...* (Fole 1976: 326).

*/lle DS - me DI/*: *¿Onde lle me vai a rapaza?* (Popular).

b) Os pronomes */lle DS - me DCI/* parecen gozar de maior liberdade, aínda que se prefire claramente a anteposición de *lle*; esta é a única orde que rexistramos ata agora nos textos orais:

*¡A min pasóulleme un caso...!*

Tódolos exemplos que recollemos de */me DCI - lle DS/* son literarios, en principio en textos de autores acreditados (*Picaños*, Leiras, Villar Ponte —que ten as dúas—, etc.), polo que non descartamos de momento a súa autenticidade a pesar de poñermos esta secuencia baixo sospeita:

—*¿E si aos torrezmos o coiro / se lles quita, e se desalan?... / —Non me lle prestan tampouco; / que, non hai ben oito días, ... /* (Leiras 1970: 241).



c) Admiten as dúas ordes os pronomes /*me* DI - *lle* DCI/, secuencia na que se combinan, de novo, unha función pragmática (DI) e outra sintáctica (CDI). Semella que o DI non forza tanto a posición coma o DS, e que actúa en certo modo en sentido contrario: dunha banda, observamos tendencias opostas, dentro da relativa liberdade, entre /*lle* DS - *me* DCI/ (onde *lle* DS modifica a posición para adiantarse) e /*me* DI - *lle* DCI/ = /*lle* DCI - *me* DI/ (onde *me* DI pode perde-la posición propia da primeira persoa para retrasarse); doutra, *me* DCI sempre antecede a *lle* CI. Finalmente, cómpre reparar en que cando se combinan dúas funcións pragmáticas é constante a anteposición de /*lle* DS a *me* DI/.


d) Nos restantes casos, sempre se segue a orde *me lle*, que se atén, segundo as regras xerais enunciadas, ó esquema SE-II-I-III.

Este comportamento ten unha grande importancia, pois revela que o tipo de función (sintáctica / pragmática) que debe cumprilo pronome determina a súa posición na secuencia de clíticos.

En tanto o pronome de solidariedade é *che*, o feito de que se antepoña ós pronomes de primeira e terceira persoa pode considerarse como unha mostra máis do cumprimento das regras xerais. Mais que *lle* DS non siga as regras xerais, que colocan *lle* nunha posición moito máis recuada, obriga a considera-la función DS como factor fundamental no ordenamento dos clíticos en secuencia. Non se nos oculta o feito de que cando é complemento de solidariedade *lle* é unha segunda persoa, mais iso acontece con tódolos *lle* de cortesía e non por iso deixan de segui-las regras xerais de posición dos pronomes de III. E non é unha particularidade atribuíble a tódolos clíticos que cumpren funcións pragmáticas, pois o complemento de interese non se comporta do mesmo xeito.

Dado que *che* e *lle* poden concorrer, aínda sendo ambos de solidariedade, cómpre sinalar que sempre *che* (DS expletivo) antecede a *lle* DS. Repárese en que nos estamos a referir, continuamente, a *lle*. *Lles* mantense sempre tras *me*, aínda sendo DS, de acordo coa preferencia das formas plurais polas derradeiras posicións: *Dóemelles moito a cabeza*. Tamén *vos* DS se mantén na súa posición posterior, de acordo coa regra enunciada anteriormente: *Dóemevos moito a cabeza*.

Polo tanto, o esquema final da orde de secuencias de clíticos resulta bastante máis complexo do que deseñamos máis arriba sen termos en conta as particularidades posicionais do complemento de solidariedade dentro delas:



#### 4.2. A INTERPOLACIÓN

O DS acepta, coma os outros pronomes átonos, a interpolación de determinados elementos tónicos entre el e o verbo, mais cómpre advertir de que a práctica totalidade dos exemplos que posuímos son de *che*, e mais que este recurso é sensiblemente máis frecuente cando a forma pronominal representa o CI. Así a todo, non parece haber limitacións con respecto á tipoloxía dos elementos interpolados, que non presenta variacións con respecto a outras formas:

- Pronome suxeito: *cuanto che eu chorei* (Outeiro de Sanguñedo-Verea-OU).
- Suxeito nominal: *hoxe éche diferente, pero tamén che a xente anda doutra maneira* (Lebesende-Queixeiro-Antas de Ulla-LU).
- Adverbio *non*: *Aquelo éache unha divertición, polo que che non era como hoxe* (Lebesende-Queixeiro-Antas de Ulla-LU).
- Outros adverbios: *¡Quen ch' hoxe andivera fora / C' a tripa toda valdeira!* (Rosalía 1982: 170).
- Atributo: *¡Ai! quén ch' anduriña fora / anduriña d' outra banda* (Pérez 1979: III, 36).
- CD: *¡nunca ch' outras penas teña!* (Pérez 1979: III, 160).

Interésanos ter en conta a interpolación porque pode trastoca-la orde dos clíticos en secuencia, e polo tanto altera-la posición relativa do DS nela:

a) *Nunca lle me a vaca se cura* (Guitiriz-LU). A interpolación fixo que se abandonase a primeira posición, que pasa a ser ocupada por DS; a orde *lle me* DS-DCI(ou DI) mantense.

b) *Nunca lles outra che viu coma esa* (Guitiriz-LU). O DS abandona a primeira posición e sitúase onda o verbo, e deste xeito invértese a secuencia *che lles DS-DCI* en *lles che DCI-DS*.

## 5. CONCLUSIÓN

Remato xa, salientando a singularidade deste procedemento para, simultaneamente, mante-la atención do receptor e asegura-la súa complicidade, a súa solidariedade, usando para iso a ficción de que é un dos participantes que recibe beneficio ou dano dos feitos. Salientando tamén as perturbacións que ocasiona no comportamento do sistema, nomeadamente nas secuencias dos clíticos, onde adopta unha posición relevante, un comportamento que en certo modo é singular dentro das linguas románicas. E chamando a atención sobre aspectos aínda descoñecidos ou pouco tratados, sobre os que se poden realizar traballos de sumo interese tanto para a lingüística galega coma para a románica e a xeral, con distintas e novidosas metodoloxías.

## REFERENCIAS

- Álvarez, Rosario (1994): «Secuencias de pronomes átonos en galego moderno», in: Lorenzo, R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, Santiago de Compostela, 1989, VI, 247-265, Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», A Coruña.
- Anónimo (1836a): *Diálogo 2.º en la Alameda de Santiago*, Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, Santiago.
- (1836b): *La Tertulia de Picaños, Patria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros*, Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, Santiago.
- (1837): *Encuentro y coloquio que tuvieron na pontella da Chaínsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso*, Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, Santiago.
- Blanco Amor, Eduardo (1975) [1959]: *A Esmorga*, Editorial Galaxia, Vigo.
- Castro, Rosalía (1982) [1880]: *Follas Novas*, Edición do Castro, Sada (A Coruña). [Edición facsímile].
- Cortés Vázquez, Luis (1976): *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria. Textos leoneses y gallegos*, Gráficas Cervantes, Salamanca.

- Curros Enríquez, Manuel (1880): *Aires da miña terra*, Tipografía de A. Otero, Ourense.
- Fernández y Neyra, José (1810): *Proezas de Galicia*, Imprenta da Vila, A Coruña.
- Fole, Ánxel (1976) [1955]: *Terra Brava*, Editorial Galaxia, Vigo.
- Graña Núñez, Xosé (1983): *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*. Tese de licenciatura inédita, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Leiras Pulpeiro, Manuel (1970): *Obra Completa*, Editorial Galaxia, Vigo.
- López Ferreiro, Antonio (1953) [1895]: «Castelo de Pambre», in *Novelas de López Ferreiro*, Ed. Bibliófilos Gallegos, Santiago.
- Otero Pedrayo, Ramón (1927): «O século XIX. Unha vida», *Nós*, II, 42, 6-9.
- Pérez Ballesteros, José (1979) [1886]: *Cancionero popular gallego*, 3 tomo, Ed. Akal, Madrid. [Edición facsímile].
- Pousa Ortega, Helena (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*. Tese de licenciatura inédita, Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
- Sarmiento, Fr. Martín (1970): «Coloquio de 24 gallegos rústicos», in Pensado, J. L. (ed.), *Colección de voces y frases gallegas*, 81-159, Universidad de Salamanca.
- Vázquez Santamaría, María Ester (1971): *El habla de la Gudiña*. Tese de licenciatura inédita, Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela.